

**IDEGA**

Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvimento  
de Galicia

**MEMORIA ECONÓMICA  
E DE ACTIVIDADES**

**2004**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



## **IDEGA**

Avda. das Ciencias, s/n.  
Campus Universitario Sur  
15782 Santiago de Compostela  
Telf.: 981 59 11 66/ 981 56 31 00 (ext: 14339)  
Fax: 981 59 99 35  
E-mail: [idgsec@usc.es](mailto:idgsec@usc.es)  
Web: <http://www.usc.es/idega>

## ÍNDICE

# ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL DO INSTITUTO

## MEMORIA DE ACTIVIDADES

### PROXETOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN

1. Área de economía agroalimentaria e estudos rurais.....	15
2. Área de ordenación e desenvolvemento territorial.....	20
3. Área de estudos da economía galega .....	38
4. Área de estudos do sistema financeiro.....	44
5. Área de estudos pesqueiros.....	45
6. Área de mercado de traballo .....	47
7. Área de economía ambiental e recursos naturais .....	48

### PUBLICACIÓNS

1. A economía galega. Informe 2003.....	53
2. Informe de Conxuntura da Economía Galega.....	54
3. Documentos de Traballo IDEGA.....	55
4. Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha restructuración do territorio e do goberno local. Vol. I .....	58
5. Os concellos galegos para o século XXI. Un modelo aplicativo: o Concello de Deza ¿utopía e viabilidade?. Vol. II.....	59

### DOCENCIA

1. Programa de doutoramento: procesos da integración económica en Europa e América Latina .....	63
2. Apoio institucional a Maestría en Economía da Universidad de La Habana .....	66
3. Curso de verán: <i>Novas tecnoloxías e sociedade na Eurorrexion Galicia-Norte de Portugal</i> .....	67
4. Curso de posgrao: "Novas tecnoloxías e marketing territorial" .....	69

### CONFERENCIAS E SESIÓNS CIENTÍFICAS

1. Área de Análise Económica.....	77
2. Área de Xeografía .....	77
3. Área de Economía Aplicada .....	77
4. Seminarios de programa de doutoramento.....	78

## **CONGRESOS E XORNADAS**

1.	<i>Residuos sólidos urbanos: a súa problemática e a súa xestión.....</i>	83
2.	<i>Cinema e inmigración .....</i>	85
3.	<i>V Congreso de Economía Agraria “Agricultura, alimentación y espacio rural en transición” .....</i>	86
4.	<i>Avances cara o desenvolvemento sostible. Experiencias en Galiza e no Norte de Portugal.....</i>	108
5.	<i>Novas tecnoloxías e economía cultural. II Xornadas SINDUR.....</i>	111

## **MEMORIA ECONÓMICA**

### **ORZAMENTOS DO INSTITUTO**

Ingresos.....	117
Gastos .....	117

### **ORZAMENTO DE XESTIÓN**

Ingresos.....	121
Gastos .....	121

### **ORZAMENTO DE INVESTIGACIÓN**

Ingresos.....	125
Gastos .....	125

ORGANOS DE GOBERNO  
E  
PERSONAL DO INSTITUTO



## XUNTA DE GOBERNO

---

Presidente: **D. Senén Barro Ameneiro.** Rector da Universidade de Santiago de Compostela

**D. Eduardo García-Rodeja Gayoso.** Vicerrector de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela

**D. Guillermo de la Dehesa Romero.** Director do Instituto de Estudos Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza

**D. Jesús García Calvo.** Presidente do Padroado da Fundación FEIRACO

**D. Xosé Luis Méndez López.** Director Xeral de Caixa Galicia e Vicepresidente do Patronato da Fundación Caixa Galicia

**D. José Luís Pego Alonso.** Director Xeral Adxunto de Caixanova.

**D. Luis Suárez-Llanos Gómez.** Presidente do Consello Económico e Social de Galicia

**D. Roxelio Conde-Pumpido Tourón.** Director de Transferencia de Tecnoloxía do CITT da Universidade de Santiago de Compostela

**D. Edelmiro López Iglesias.** Director do IDEGA

**D. Juan J. Ares Fernández.** Secretario do IDEGA

**D. Joam Carmona Badía.** Representante do Consello Científico do IDEGA

**D. Alberto Meixide Vecino.** Representante do Consello Científico do IDEGA

## DIRECTOR:

**Edelmiro López Iglesias**

## SECRETARIO:

**Juan J. Ares Fernández**

## CONSELLO CIENTÍFICO

Álvarez Corbacho, Xoaquín  
Antelo Suárez, Manel  
Ares Fernández, Juan J.  
Balboa López, Xesús Leopoldo  
Beiras Torrado, Xosé Manuel  
Carmona Badía, Joam  
Castañón Llamas, Luís  
Capasso, Salvatore  
Da Rocha Álvarez, José María  
Fernández Fernández, Melchor  
Fernández Grela, Manuel  
Fernández Leiceaga, Xoaquín  
Fernández Prieto, Lourenzo  
Ferrás Sexto, Carlos  
García Jurado, Ignacio  
García Negro, María do Carme

Giráldez Rivero, Xesús  
González Manteiga, Wenceslao  
Jordán Rodríguez, Manuel  
Lois González, Rubén C.  
López Iglesias, Edelmiro  
López Taboada, Xosé Antón  
Loureiro García, María L.  
Meixide Vecino, Alberto  
Pérez Touriño, Emilio  
Pousa Hernández, Miguel  
Ricoy Riego, Carlos J.  
Rodríguez González, Román  
Rojo Sánchez, Xavier  
Santos Solla, José  
Sineiro García, Francisco

## COMISIÓN PERMANENTE

López Iglesias, Edelmiro  
Ares Fernández, Juan J.  
Antelo Suárez, Manel  
Jordán Rodríguez, Manuel  
Lois González, Rubén C.  
Ferrás Sexto, Carlos  
Fernández Grela, Manuel


## **PERSOAL DE APOIO**

---

Xosé Delfín Pérez González, xefe de negociado do IDEGA  
María Dolores Tuñas Riveiro, técnico especialista de FP-2 da rama informática  
Yolanda García Vázquez, bolseira de investigación  
José Carlos Macía Arce, bolseiro de investigación  
Pablo Viso Outeiriño, bolseiro de investigación  
Carlos Dabarcá Soto, técnico especialista de FP-2 da rama informática  
Abrahan Martínez Martín, técnico especialista de FP-2 da rama informática  
Francisco José Armas Quintá, bolseiro de investigación  
Luis Ulloa Guitian, bolseiro de investigación  
Javier Veira Verdía, bolseiro de investigación  
Alfonso Ribas Álvarez, bolseiro de investigación  
Manuel Cabalar Fuentes, bolseiro de investigación  
Emilio Cuiñas Otero, bolseiro de investigación  
Juan López Bedoya, bolseiro de investigación  
Roberto Lorenzana Fernández, bolseiro de investigación  
Carlos Sebastián Villasante Larramendi, bolseiro de investigación  
Carlos Alberto Patiño Romarís, bolseiro predoctoral  
Angel Miramontes Carballada, bolseiro predoctoral  
José Antonio Díaz Fernández, bolseiro de investigación  
Valentín Gargallo Valero, bolseiro de investigación  
Laura Rodríguez Espasandín, bolseira de investigación  
Fernando Rodríguez Espasandín, bolseiro de investigación  
Xesús do Río da Torre, bolseiro de investigación  
María Pose Méndez, bolseira de investigación  
Monserrat Iglesias Pérez, bolseira de investigación



# MEMORIA DE ACTIVIDADES





## **PROXETOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN**

---



## I. ÁREA DE ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E ESTUDOS RURAIS

### *1. Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC para a execución do proxecto EXPIDER*

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) cun prazo de execución de seis meses (setembro 2004-febreiro 2005).

#### **RESUMO:**

Proxecto EXPIDER (Implementación de Experiencias Piloto de Desenvolvemento Rural Local en América Latina).

- Capacitación intensiva aos operadores turísticos dos cantóns nos que se aplicará o programa (CONSULTORÍA 1E-C1. Actividade 2).
- Organización dos sectores produtivos dos cantóns nos que se aplicará o proxecto (CONSULTORÍA 3E-C2. Actividade 1).

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela

**2. Censo de explotacións e análise de valoración dos servizos prestados pola Cooperativa Feiraco**

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Feiraco cun prazo de execución de dous anos (marzo 2002-marzo 2004).

**RESUMO:** 1. Elaboración ficha-censo e enquisa servizos.

2. Dirección e coordinación equipo recollida información.

3. Organización mesas-debate resultados.

4. Tratamiento estatístico, datos.

5. Investigación bibliográfica. Elaboración corpo teórico-metodológico.

6. Interpretación datos e información.

7. Discusión resultados asesores especializados.

8. Elaboración gráfica e cartográfica.

9. Redacción e presentación de resultados.

**Investigador principal:** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigador:** Manuel Jordán Rodríguez, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Bolseiros de investigación:** Yolanda García Vázquez, Xosé Carlos Macía Arce, Francisco Armas Quintá, Juan Carlos Maneiro, técnico estatístico.

**3. Cambio estructural y políticas agrarias: El caso de los sistemas agrarios especializados en olivar, cultivos herbáceos y ganadería bovina.**

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía cunha duración de tres anos (2002-2004).

**RESUMO:** A agricultura española está experimentando un intenso proceso de cambio estructural (incremento da dimensión das explotacións e forte reducción do seu número) que pode alterar algun dos presupostos nos que se apoian as análises das perspectivas do sector. Ese proceso acelerouse ademáis a partir do ingreso na UE e a aplicación á nosa agricultura da PAC.

Este proxecto pretende profundizar na análise das relacións entre políticas agrarias e cambio estructural.

Para iso plantexa como primeiro obxectivo analizar as causas dese proceso recente (con especial atención ao impacto das políticas agrarias, pero contemplando tamén a incidencia doutros factores), así como os seus efectos sobre os territorios rurais. Propónense varias “lecturas” deses efectos (sobre o uso do chan agrícola, a intensificación dos sistemas productivos ou as rendas das zonas rurais), que nos permitan valorar o cambio estructural e as políticas agrarias a él asociadas desde a óptica da multifuncionalidade da agricultura.

Como segundo obxectivo plantéxase avaliar, mediante unha análise prospectiva, a incidencia sobre a viabilidade das explotacións e o proceso de cambio estructural dos escenarios de política agraria cara os que pode evolucionar a PAC nos próximos anos. Metodoloxicamente o proxecto combina dous enfoques, sectorial e territorial. O primeiro está referido a tres subsectores (gandería bovina, cultivos herbáceos e oliveira), fortemente condicionados pola PAC, para os que se elaborará un modelo explicativo da evolución de explotacións tipo. Para analizar en segundo lugar o contexto rural do proceso de cambio estructural e os seus efectos traballarase a nivel de territorios rurais concretos de dimensión comarcal.

**Coordinador do proxecto:** Eladio Arnalte Alegre, Universidad Politécnica de Valencia.

**Investigador principal:** Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Bernardo Valdés Pazos, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; María do Mar Pérez Fra, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Ana Isabel García Arias, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Rosa María Verdugo Mates, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Jesús Arango Fernández, Universidad de Oviedo; Victoriano Calcedo Ordoñez, Departamento de Economía, Universidad Complutense de Madrid.

**4. As explotacións de vacún en Galicia: Dinámica produtiva e contribución á diversificación de rendas da política comunitaria de desenvolvemento rural**

Proxecto de investigación financiado pola Xunta de Galicia dentro do Plan Galego de IDT, cun prazo de execución de tres anos (2000-2002).

**RESUMO:** Este proxecto ten tres grandes obxectivos, que se corresponden coas tres partes nas que se organiza a investigación:

1. Afondar no coñecemento da dinámica recente e situación actual das explotacións bovinas en Galicia e estudiar, en base a esas características, os impactos que se derivarán da aplicación da reforma da PAC (reforma das OCM de produtos lácteos e de carne de vacún) aprobada en 1999 e que se vai poñer en marcha no período 2000-2008.
2. Analizar a aplicación en Galicia da política comunitaria de desenvolvemento rural no período 1994-1999, centrándose en especial naquelas medidas dirixidas a fomentar a diversificación das fontes de renda, as actividades e as funcións cumplidas pola poboación rural, precisando o seu impacto nas comarcas mais dependentes das producións bovinas.
3. Establecer unha prospectiva sobre as tendencias futuras das explotacións bovinas galegas, tendo en conta tanto os seus condicionantes produtivos como aqueles derivados do entorno territorial e familiar. Estudiar nese contexto a relevancia que pode ter a alternativa de diversificar as súas actividades, e a posible contribución a este proceso das medidas contempladas na nova política de desenvolvemento rural da UE que vai ser aplicada no período 2000-2006.

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Bernardo Valdés Pazos, Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela; María do Mar Pérez Fra, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Ana Isabel García Arias, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Rosa María Verdugo Mates, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela.

**5. Análise do impacto en Galicia da reforma intermedia da PAC e avaliación das diferentes opcións para a súa aplicación**

Proxecto de investigación financiado polas Cámaras Agrarias Provinciais de A Coruña, Lugo e Pontevedra cun prazo de execución de catro meses (outubro 2003-xaneiro 2004).

**RESUMO:**

1. O contido da reforma aprobada; resumo dos principais elementos con relevancia para Galicia.
2. As cuestións pendentes de decidir a nivel estatal e autonómico; avaliación das diferentes opcións disponibles.
3. Conclusións e recomendacións.

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada, /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Bernardo Valdés Paços, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Xurxo Santiso Blanco, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela.

## II. ÁREA DE ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

---

### *1. Actions on the integration of Rural Transport Services (ARTS)*

Proxecto de investigación financiado pola empresa UE-GRD cun prazo de execución de tres anos (decembro 2001-decembro 2004).

**RESUMO:** Este proxecto trata de probar as formas máis eficientes de proporcionar servicios de transporte rural e ten como finalidade producir un conxunto de recomendacións que sirvan como guía para o planeamento e posta en marcha de servicios de transporte rural. Este obxectivo será conquerdido coa axuda de programas de demostración e investigación que cubrirán 10 áreas piloto en diferentes países da Unión Europea.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** M<sup>a</sup> Pilar Alonso Logroño, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela; Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela; Valentín Gargallo Valero; José A. Díaz Fernández.

**2. Elaboración do Plan Estratégico da cidade de Santiago de Compostela**

Proxecto de investigación financiado por IDEGA-ODEPSA UTE cun prazo de execución de dezanove meses (maio 2003 – novembro 2005)

**RESUMO:** Realización do Plan Estratégico de Santiago de Compostela conformando unha UTE coa Oficina de Planeamento S.A. O Plan concíbese como o instrumento marco para a identificación das estratexias dirixidas a impulsar o desenvolvemento económico e social sobre as bases do compromiso e cooperación dos principais axentes económicos e sociais e da participación e colaboración cidadá. A elaboración desenvolverase nas seguintes fases:

- 1.- Organización e identificación de temas críticos.
- 2.- Diagnóstico interno e externo do municipio.
- 3.- Determinación de obxectivos e definición de liñas estratégicas.
- 4.- Desenvolvemento de obxectivos e liñas estratégicas. Definición e avaliación de proxectos e programa de actuación.

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela; Santiago Lago Peñas, Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo; Antonio Xavier Ferreira Fernández, Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado da Universidade de Santiago de Compostela; Pedro M<sup>a</sup> Rey Suárez, Departamento de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela

**3. SINDUR. Sociedade da información e desenvolvimento urbano e rexional. Fundamentos teóricos e valoración de impactos en rexións periféricas**

Proxecto de Investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía (MCYT) e o Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cun prazo de execución de tres anos (novembro 2002 – novembro 2005).

**RESUMO:** SINDUR se centra no estudio teórico e empírico dos efectos sociais e territoriais vinculados ao desenvolvemento da Sociedade da Información e á implantación das Tecnoloxías da Información e Comunicación en rexións periféricas. Os seus obxectivos específicos son:

1. Facilitar aos xestores urbanos e rexionais unha ferramenta técnica de auditoría territorial da Sociedade da Información.
2. Propoñer unha metodoloxía de intervención fronte á exclusión provocada pola Sociedade da Información.
3. Impulsar unha rede de universidades e investigadores interesados no estudio da Sociedade da Información e sos seus efectos socio-territoriais en rexións periféricas.
4. Desenvolver unha liña de investigación internacional comparada de carácter interdisciplinar en temática relativa ós impactos da Sociedade da Información.

**Beneficios esperados de SINDUR:**

- Contribuirá ao coñecemento científico-técnico dos efectos sociais, económicos e territoriais da Sociedade da Información e das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- A orientación de SINDUR cara rexións periféricas beneficiará especialmente o desenvolvemento dos territorios apagados e das comunidades desenganchadas da Sociedade da Información.

**Transferencia de resultados de SINDUR:**

- A administración e a sociedade. Os xestores urbanos e rexionais e a sociedade civil en xeral obterán información de calidade e con gran detalle acerca da Sociedade da Información nos seus ámbitos administrativo-territoriais. Disporán dun Atlas da Sociedade da Información, de Auditorías Urbanas e da Información-Web, e dunha proposta de intervención social cun mapa de localización dunha Rede de Puntos Dixitais en Espacios Apagados e Comunidades Excluídas; SINDUR facilitará información que facilite as decisións en materia de planeamento e desenvolvemento da Sociedade da Información.
- A empresa privada. Poderá obter de SINDUR unha fonte de información detallada acerca dos impactos que xeran os novos servicios informacionais e incluso poderán coñecer posibles "nichos de mercado" para a aplicación das Tecnoloxías da Comunicación e Información. SINDUR ademais asumirá un nídeo rol de axente difusor da utilización e universalización social do uso das novas Tecnoloxías da Información.

- A universidade. A través da formación de excelencia de investigadores e estudiantes de postgrado especializados no estudio dos impactos socio-territoriais da Sociedade da Información. E co fortalecemento dun grupo de investigación interdisciplinar potente, coa masa crítica e a sinerxía suficiente para establecer contactos internacionais e acceder competitivamente ás convocatorias de proxectos de investigación da Unión Europea.

**Investigador principal:** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Antonio Doval Gadán, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela; Xosé R. Chantada Acosta, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela; Xosé A. Neira Cruz, Departamento de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela; Xosé López García, Departamento de Ciencias, Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

**Asistencia especializada:** Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

**Equipo Técnico de Investigación:** X. Carlos Macía Arce, Yolanda García Vázquez, Francisco X. Armas Quintá, Martin Scheer, David Santomil Mosquera.

**4. Colaboración na realización do Plan de Marketing Estratégico de Turismo para Santiago de Compostela**

Proxecto de Investigación financiado por ROS Development & Planning SL cun prazo de execución de tres meses e medio.

**RESUMO:** Fases de colaboración:

- 1** Análise dos recursos turísticos.
- 2** Estructura territorial e urbana de Santiago e a súa área de influencia.
- 3** Mercados turísticos.
- 4** Análise da oferta de aloxamentos.
- 5** Análise da oferta complementaria.
- 6** Análise das infraestructuras e servicios públicos.
- 7** Accesibilidade e movilidade.
- 8** Imaxe.
- 9** Marketing Audit.
- 10** Entorno competitivo.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/ IDEGA, Universidade de Santiago.

**Investigadores:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/ IDEGA, Universidade de Santiago; Xosé M. Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

- 5. *O municipalismo do século XXI. Análise sobre a viabilidade técnica para a fusión dos municipios galegos a partir do exemplo da comarca do Deza***  
Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago, Caixa Galicia e o Concello de Lalín cun prazo de ejecución de dezaoito meses (decembro 2002 – xuño 2004).

**RESUMO:** Elaboración dun estudio, por parte duna equipa interdisciplinar, no que se analice a viabilidade técnico-económica social dun hipotético proceso de fusión de municipios galegos, tomando como marco experimental a Comarca do Deza.

O traballo constará de duas partes diferenciadas:

1. Análise xeral da situación dos municipios galegos atendendo as súas variables fundamentais: base demográfica, relacións funcionais, estructura económico-financeira, organización xurídico e política...
2. Análise experimental sobre a estructura territorial, político-administrativa e económico-financeira dun potencial Concello de Deza, resultante da agregación dos municipios que integran a actual comarca (A Golada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces).

**Investigador principal:** Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

**Investigadores:** Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía /IDEGA; Universidade de Santiago; Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía/ IDEGA, Universidade de Santiago.

## ***6. Estratexias de cooperación e desenvolvemento territorial sostible en Galicia***

Proxecto financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, cun prazo de execución de tres anos (novembro 2002-outubro 2005). Forma parte dun proxecto coordinado con outras universidades españolas.

**RESUMO:** O obxectivo do proxecto é a identificación e selección das mellores alternativas que permitan o desenvolvemento de estratexias de cooperación territorial local, dada a súa trascendental importancia para a finalidad do desenvolvemento territorial sostible, equilibrado e policéntrico.

A consecución deste obxectivo final revese a través de tres fases. Nunha primeira procederase á identificación e análise das diferentes asociacións de municipios. En función dos resultados obtidos escolleranse aquelas agrupacións que mellor respondan ó obxectivo do policentrismo a través dunha planificación partenarial do desenvolvemento local, según as especificidades e necesidades de cada territorio. No conxunto seleccionado deberán estar representados cada un dos tipos de pautas espaciais rururbanas atopadas no documento “Estrategia Territorial Europea”. A partir de dita selección, na segunda fase recoñeceranse as fórmulas de cooperación existentes desde o punto de vista da planificación do desenvolvemento territorial sostible. Para elo elaborarase un detallado informe sobre os territorios obxecto de análise no que se abordarán cuestións como: qué se fai no territorio, para qué sirve, quen o moviliza, con qué medios se desenvolve, con quén se relaciona, quén protagoniza estas relacións e de qué tipo son. Tras unha posta en común dos resultados establecerase unha tipoloxía de situacións a nivel autonómico. Na terceira fase procederase á análise de cómo se desenvolven estas relacións partenariais de cooperación.

O resultado esperado non é unha proposta de organización territorial definitiva, pois os partenariados, como capital social, resultan dun proceso interativo, evolutivo e cambiante no tempo. Sen embargo, os efectos positivos de lograr o obxectivo proposto non se reducen tan só á consecución dunha meta global a longo prazo: o desenvolvemento territorial sostible. De forma directa contribuirá o afianzamento dunha nova cultura territorial e de novas formas de planificación, posibilitando unha maior adecuación, e polo tanto un novo valor engadido.

**Investigador principal:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía / IDEGA, Universidade de Santiago.

**Investigadores:** Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago / IDEGA, Universidade de Santiago.

**7. Asistencia técnica para o apoio nos traballos de análise territorial do Plan Xeral de Caldas de Reis (Pontevedra)**

Proxecto de investigación financiado pola empresa Plans Territoriais de Transporte e Ambientais, S. L. cun prazo de execución de dezasete meses (xullo 2003 – novembro 2004)

**RESUMO:** Apoyo nos traballos de análise territorial do Plan Xeral de Caldas de Reis (Pontevedra).

**Investigador principal:** Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

**8. Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia – Norte de Portugal (CEER)**

Proxecto de investigación financiado polo Fondo Europeo de Desarrollo Regional cunha duración de dous anos (xaneiro 2003 – decembro 2004).

**RESUMO:** No marco do CEER a USC contribuirá á consecución dos seus obxectivos:

- Promoción, dinamización e desenvolvemento da investigación interuniversitaria de carácter multidisciplinar orientada no marco da Eurorrexión.
- Programación de actividades docentes especializadas na problemática eurrexional, sendo o seu obxectivo a formación de especialistas, e a formación, especialización e reciclaxe de profesionais.
- Realización de informes e asesoramento técnico en temas de investigación da súa competencia.
- Creación de bases de datos, bibliográficas e documentais de carácter especializado nas áreas de investigación propias do centro.
- Promoción e colaboración na organización de seminarios, debates, congresos, reunións científicas e actividades análogas, referidas a natureza e función propias do centro.

**Investigador principal:** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

**9. Realización dun estudio sobre o Goberno das cidades históricas.  
Colaboración en proxecto ATLANTE**

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Santiago de Compostela cun prazo de execución de doce meses (xullo 2004 - xullo 2005).

**RESUMO:** Esquema do estudio:

1. O concepto de cidade histórica.
2. Novas tendencias de governo urbano.
3. Exemplos europeos de governo urbano en cidades históricas.
4. O governo das cidades históricas en Santiago de Compostela e Porto.
5. Modelos de futuro para o governo das cidades históricas.

**Investigador principal:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Xosé Constenla Vega; Alberto Martí Ezpeleta; Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela; Mónica Armas Mariño; Román Sanz Freire.

**10. Realización dun estudio sobre o Desenvolvemento turístico sustentable en cidades históricas. Colaboración en proxecto ATLANTE**

Proxecto de investigación financiado polos Concellos de Santiago de Compostela e de Lugo cun prazo de execución de doce meses (xullo 2004 - xullo 2005).

**RESUMO:** Esquema do estudio:

- 1.- Cidade e desenvolvemento sustentable.
- 2.- O turismo nas cidades históricas e os seus impactos.
- 3.- Criterios de sustentabilidade turística en cidades históricas.
- 4.- Políticas de desenvolvemento turístico sustentable en cidades históricas.
- 5.- Conclusóns.

**Investigador principal:** Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Alberto Martí Ezpeleta; Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela; M<sup>a</sup> José Piñeira Mantiñán; Anxo López Brégua; Cristina Guamán López.

**11. Proxecto de posta en valor das zonas de interese natural de Santiago de Compostela. Parque forestal do monte Pedroso e entorno rural**

Proxecto de investigación financiado por INCOLSA/Concello de Santiago cun prazo de execución de cinco meses.

**RESUMO:** O proxecto "Posta en valor das zonas de interese natural de Santiago de Cmpostela" atópase orientado cara a creación dun espacio de conservación ambiental accesible ao público do que, ademáis da propia conservación do patrimonio (natural, cultural, histórico...) se poderá obter un aproveitamento para o ocio e o turismo activo e de natureza. Tratarase dunha actuación pioneira en Compostela por dúas cuestiós. Nun primeiro lugar polo que suporía unha extensión dos espacios de recreo máis aló dos límites do propio casco urbano, levando estes equipamentos a un nivel superior nas súas funcións de conservación da natureza e de contedores do ocio dos ciudadáns. Por outra banda, virá a cubrir unha parte da demanda dun turismo relacionado coa natureza, que considera insuficiente o compoñente verde do turismo compostelán sumándose tamén a oferta complementaria, outro dos puntos a fortalecer.

Outra cuestión importante será a posibilidade de ampliación posterior do proxecto cara outros sectores do entorno da cidade de Santiago de Compostela (por exemplo, os miradores sobre a cidade nos montes Pedroso, Gaias, do Gozo e Viso ou a fraga de Bando), incluso cara os municipios próximos.

**Investigador principal:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigador:** Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Pablo Meira.

**12. *Informe técnico sobre a oportunidade e viabilidade da conversión en polígono industrial dunha zona de industrialización espontánea***

Proxecto de investigación financiado pola Asociación de Empresarios “Estrada de Santiago” cun prazo de execución dous meses (xaneiro-marzo 2004).

**RESUMO:** O informe analizará a oportunidade e viabilidade da conversión da zona de industrialización espontánea sita na Estrada de Santiago (Lugo) nun polígono industrial. No estudio terase en conta tanto a viabilidade económica como a receptividade por parte da poboación de Lugo cara a creación de novo solo industrial.

**Investigadores principais:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.

**13. *Estudio sobre a Área Xeográfica da Denominación de Orixé Arzúa-Ulloa***

Proxecto de investigación financiado polo Consello Regulador da Denominación de Orixé Arzúa-Ulloa, cun prazo de execución de dous meses (outubro-novembro 2004).

**RESUMO:** A Denominación de Orixé Arzúa-Ulloa constitúe unha experiencia moi favorable ó desenvolvemento rural e á implementación dunha agricultura de calidade dunha serie de comarcas do interior de Galicia, unhas comarcas con agudos problemas de declive e atonía. Frente o intento de parte do equipo da Consellería de Política Agroalimentaria de ampliar a área xeográfica da denominación, trátase de elaborar un diagnóstico sobre a súa conveniencia ou non conveniencia. Este diagnóstico basearáse en catro indicadores:

1. Coherencia territorial e físico-natural da área da Denominación de Orixé.
2. Tradición histórica de elaboración dun producto singularizado no territorio.
3. Papel da Denominación de Orixé no desenvolvemento rural en áreas deprimidas.
4. Individualización/banalización do producto.

Este traballo farase en colaboración co profesor da Universidade de Barcelona Xosé Antón Armesto López.

**Investigador principal:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**14. Desenvolvemento de aplicación informática-website e ferramentas en Internet previstas no proxecto CEER**

Proxecto de investigación financiado por European Toolbox, S.L. cun prazo de execución de dous meses (outubro-decembro 2004).

**RESUMO:** Desenvolvemento de páxina web e ferramentas en Intenet previstas no proxecto CEER.

**Investigador principal:** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

**15. Creación de un sistema de información territorial como herramienta para la toma de decisiones en el ámbito de mancomunar servicios en las comarcas de Tabeirós-Terra de Montes y Deza**

Proxecto de investigación financiado polo Concello de A Estrada cun prazo de execución de tres meses (agosto-outubro 2004).

**RESUMO:** O Concello de A Estrada acolleuse á Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia que se centra en fomentar a constitución de Mancomunidades de concellos e áreas metropolitanas, para favorecer os mecanismos de xestión dos intereses locais que lle permitan fazer fronte ás novas esixencias de servicios públicos demandados. Orde que garda relación con este estudio: Creación dun sistema de información territorial como ferramenta para a toma de decisións no ámbito de mancomunar servizos nas comarcas de Tabeirós-Terra de Montes e Deza. Traballo que presenta a seguinte estrutura:

1. Aplicacións e utilidades dun SIG.
2. As mancomunidades en Galicia.
3. Os municipios das comarcas de Tabeirós-Terra de Montes e Deza: descripción física e socioeconómica.
4. Anexo estatístico.

**Investigador principal:** Rubén C. Lois González., Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago

**16. Análise de impacto socioeconómico, territorial e de emprego en Ferrolterra de Forestal del Atlántico S.A. e IMEGASA**

Proxecto de investigación financiado por Forestal del Atlántico S.A.

**RESUMO: OBXECTIVO PRINCIPAL**

Coñecer a influencia de Forestal del Atlántico no dinamismo socioeconómico da súa comarca de inserción: Ferrolterra.

**OBXECTIVOS DETALLADOS**

1. Estudiar o proceso evolutivo de implantación da factoría e comprobar a correlación existente entre dita implantación e o cremento demográfico e económico na seu entorno. Variábeis a estudiar: VEB, emprego, relacións empresariais, dotación comercial, desenvolvemento urbanístico, etc.

2. Coñecer o impacto de Forestal del Atlántico sobre a demografía laboral da comarca:

- Emprego directo: observar o proceso de contratación de persoal e as relacións socioeconómicas e territoriais co medio de inserción. Plantéxase unha análise a partir de variábeis persoais como sexo, idade e categorías sociolaborais

- Analizar os procesos que levan á creación de emprego indirecto na comarca (empresas auxiliares, empresas de loxística, e transporte, etc), dándolle un contido eminentemente territorial

- Estudiar a importancia de Forestal del Atlántico na creación de emprego inducido, que nacería como consecuencia do incremento do poder adquisitivo a partir dos empregos directos e indirectos creados por esta empresa.

3. Analizar a contribución de Forestal del Atlántico á diversificación industrial da industria ferrolá, con especial atención ó sector vinculado á fabricación da madeira.

4. Comprobar a influencia nos cambios socioeconómicos na comarca: tipo de unidades residenciais, estilos de vida, redes de interacción social, etc.

5. Acheitarse á comprensión da percepción sobre os beneficios da empresa para a poboación local. Aspecto baseado no emprego de métodos cualitativos, coa fin de recabar a opinión da poboación local.

**Investigador principal:** Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago.

**17. *Informe técnico sobre o sector do taxi no concello de Santiago de Compostela***

Proxecto de investigación financiado por TUSSA-Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano, SA, cun prazo de execución de seis meses (marzo – setembro 2004).

**RESUMO:** O obxectivo do estudo é realizar unha análise sobre o estado actual do sector do taxi no municipio de Santiago de Compostela e propoñer medidas para a súa mellora, sempre tentando conquerir un aumento e mellora da mobilidade, e polo tanto da calidade de vida dos cidadáns.

**Investigador principal:** Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago.

**Investigador:** Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

**18. *Elaboración dun estudio sobre Fins do Mundo (Fisterra)***

Proxecto de investigación financiado pola Diputación Provincial de A Coruña cun prazo de execución de catro meses (maio – agosto 2004).

**RESUMO:** Contidos do estudio:

- Fisterra no contexto autonómico, estatal e europeo.
- Fisterra, Fin do Mundo, para anteriores pobladores e civilizacións.
- Fisterra e o Camiño de Santiago.
- Outros fisterras no mundo e o seu significado.
- Comparativa co “noso” Fisterra.
- Bibliografía.

**Investigador principal:** Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigadores:** Carlos Válcarcel Rivero, Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana, Universidade de Santiago de Compostela, Angeles Piñeiro Antelo, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela, Emilio Cuiñas Otero, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

### III. ÁREA DE ESTUDOS DA ECONOMÍA GALEGA

---

#### *1. Os complexos produtivos clave da economía galega e a súa evolución no período 1980 – 1998. Análise a partir das Táboas Input – Output.*

Proxecto financiado pola Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín, cunha duración de tres anos (outubro 2001 – outubro 2004).

**RESUMO:** O obxectivo deste proxecto é efectuar unha análise da estrutura actual e transformacións recentes dos sectores clave da economía galega, desde a perspectiva dos complexos ou conglomerados productivos, utilizando como fonte de información básica as Táboas Input-Output de 1980, 1990 e 1998. O proxecto estructúrase en dúas fases:

- A. Na primeira levarase a cabo unha análise dos encadeamentos interindustriais, co fin de detectar os complexos productivos máis relevantes da economía galega. A información recollida nas Táboas Input-Output permite o cálculo de indicadores da robustez dos encadeamentos interindustriais, é dicir, os efectos económicos globais que uns sectores producen sobre outros. O cálculo deses indicadores posibilita a identificación de sectores “clave”, cuxa expansión sería especialmente beneficiosa para o conxunto da economía rexional, así como o agrupamento daqueles sectores más integrados entre si en “complexos produtivos” capaces de cerrar tendencias de crecemento económico para a economía galega.
- B. Na segunda parte efectuarase un estudio en profundidade daqueles complexos produtivos que aparezan como máis relevantes de acordo coa análise anterior. Para cada un dos complexos seleccionados estudiaranse básicamente os seguintes aspectos: peso global na economía galega e estrutura interna, relacións intersectoriais (grafo de relación interna, dependencia exterior na procedencia dos inputs intermedios, ...), estrutura da demanda final, comercio externo (interrexional e internacional). A análise referirse tanto á situación actual (dacordo coas TIOGA-98) como ás transformacións rexistradas no período 1980-1998, introducindo asimesmo unha perspectiva comparada con outras rexións españolas e europeas.

O listado concreto dos complexos produtivos obxecto de estudio decidirase en función da análise dos eslabonamentos efectuada na primeira parte do proxecto.

**Investigadores principais:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago.

**Investigadores:** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago; Luis Castaño Llamas, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Xoaquín Fernández Leiceaga, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada

/IDEAGA, Universidade de Santiago; Ana Isabel García Arias, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago; Bernardo Valdés Pazos, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago; Rafael Trelles González, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago; María Jesús Mosquera Criado, Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa, Universidade de Santiago; Xesús Pereira López, Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa, Universidade de Santiago.

## **2. A Economía galega. Informe 2003**

**RESUMO:** Análise do comportamento da economía de Galicia no ano 2003 (ata donde chega a información disponible), poñéndoa en relación coa economía española. Examínase a evolución tanto no seu conxunto como no detalle dos seus sectores.

**Investigador principal:** Alberto Meixide Vecino, CIEF, Fundación Caixa Galicia, Universidade de Santiago/IDEGA.

**Investigadores:** Juan. J Ares Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Roberto Bande Ramudo, Universidade de Santiago; M<sup>a</sup> Jesús Barrada Beiras, Consultora de Innovación; Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Universidade de Santiago/CITT; Francisco Fernández Cortés, Consellería de Pesca – Cipem; Manuel Fernández Grela, Universidade de Santiago/IDEGA; Aureliano García González-Llanos, Economista; M<sup>a</sup> Dolores Garza Gil, Universidade de Vigo; Carlos Iglesias Malvido, Universidade de Vigo; Xan López Facal, Economista; Edelmiro López Iglesias, Universidade de Santiago/IDEGA; Luis Otero González, Universidade de Santiago; Xulio X. Pardellas de Blas, Universidade de Vigo; Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Patricia Somorrostro López, DX I+D/Xunta de Galicia; Juan Surís Regueiro, Universidade de Vigo; Manuel Varela Lafuente, Universidade de Vigo; Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago; Miguel Anxo Vázquez Taín, Universidade de Santiago; Manuel Vilas Fernández, Universidade de Santiago.

**Director de edición:** Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago/IDEGA.

**Colaboradores:** Manuel López Sande; Dolores Martínez Martínez, CIEF – Fundación Caixa Galicia.

### ***3. Informe de conjuntura da economía galega***

**RESUMO:** O Informe de conjuntura da economía galega, cunha periodicidade trimestral, presenta a análise sobre a evolución máis recente dun conxunto de variables macroeconómicas básicas, o que permite obter conclusións sobre a tendencia que está seguindo esta economía. O estudio encádrase no contexto da economía española e mundial, polo que, en primeiro lugar, se estudia a conjuntura destas dúas árees xeográficas, para, de seguido, abordar pormenorizadamente a evolución da economía galega distingindo cinco grandes apartados: demanda, actividade, comercio exterior, prezos e mercado de traballo. Realízanse prediccións a partir dunha análise multivariante de series temporais dos principais indicadores.

**Coordinador:** Alberto Meixide Vecino, CIEF – Fundación Caixa Galicia, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA

**Investigadores:** Juan J. Ares Fernández, Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA; Manuel Febrero Bande, Universidade de Santiago de Compostela; Wenceslao González Manteiga, Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA; Edelmiro López Iglesias, Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA; Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA; Juan Carlos Reboredo Nogueira, Universidade de Santiago de Compostela; José María da Rocha Álvarez, Universidade de Vigo / IDEGA.

**Colaboradora de investigación:** Dolores Martínez Martínez, CIEF – Fundación Caixa Galicia.

**Versión galega:** Horácio Vixande.

**4. *La naútica de recreo: un sector emergente de la nueva economía gallega.***

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia cun prazo de execución de once meses (febreiro-decembro 2004).

**RESUMO:**

Na última década produciuse unha verdadeira explosión da naútica de recreo no mundo. O aumento da oferta de amarres nos portos e dársenas, os éxitos deportivos dos nosos patróns e tripulacións e unha florecente industria de pequenos e medianos astelieiros, proveedores de acastillaxe, velerías e cabullería, son os síntomas mais evidentes da puxanza dunha das actividades englobadas neste sector. O que hai que engadir outras especialidades que soporta o litoral como a pesca deportiva, o submarinismo, a práctica do surf, etc.

Con mil douscentos kiloméetros de costa e setecentas praias, Galicia forma parte dunha eurorrexión privilexiada para os deportes náuticos. A elo contribue dispoñer dun clima benigno e recurso tan singular como apreciado como son os espacios naturais das Rías, que posibilitan ampliar a súa práctica mais alá da tempada estival. Dispón tamén dun capital humano con tradición de anos de oficio. Un capital físico e unha das infraestructuras de abrigo abundantes e que cobren ademáis a Costa Galega un punto de recalada obrigado para as embarcacións procedentes de Europa e en demanda do Mediterráneo.

No conxunto destes compoñentes susire a existencia de factores que alimentan vantaxes comparativas para o desenvolvemento deste segmento de mercado na nosa Eurorrexión. O obxectivo deste proxecto é identificar e cuantificar a estrutura dese sector en Galicia, enmarcalo no contexto do mercado europeo, para ver a posición de mercado da industria galega. As preferencias da demanda e as expectativas do consumidor destes bens e servicios identifícaranse mediante cuestiónarios, así como unha explotación *Ad hoc* do rexistro de embarcacións: matriculacións e traspasos.

**Investigadores principais:** Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Aureliano García González-Llanos, Economista.

### **5. Galicia ante a ampliación da Unión Europea**

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín cun prazo de execución de nove meses (decembro 2003-agosto 2004).

**RESUMO:** O estudio pretende analizar os posibles efectos sobre a economía galega da próxima ampliación da Unión Europea aos países do leste. A este fin, estúdiase o posible impacto sobre o comercio externo de Galicia, as repercuśóns sobre os fluxos de investimentos directos, a agroindustria e o mercado laboral.

O traballo incorpora tamén unha análise das modificacíons da ampliación sobre os fondos estructurais e de cohesión que actualmente recibe Galicia.

**Investigadores principais:** Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Alberto Meixide Vecino, Departamento de Fundamentos de Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Fernando Varela Carid, Técnico Comercial do Estado.

## IV. ÁREA DE ESTUDOS DO SISTEMA FINANCIERO

### *1. Análise e predicción do prezo de activos financeiros*

Proxecto de Investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín cun prazo de execución de seis meses.

**RESUMO:** Unha das cuestións máis controvertidas da economía financeira é a predecibilidade do prezo dos activos financeiros. A capacidade de anticipar o resultado dun investimento financeiro acaparou a atención tanto de investigadores como de académicos. Neste sentido, realizaronse numerosos esforzos por parte de economistas e matemáticos para resolver a cuestión da predicción das variacións futuras dos prezos de activos. Proba deste esforzo é a aplicación das ideas da teoría da probabilidade a economía financeira da que xurde a caracterización dos prezos dos activos como un paseo aleatorio e como unha martingala, ou o desenvolvemento de modelos mais sofisticados do prezo dos activos como son os modelos de equilibrio intertemporal.

